

## **INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS A APLICAR PARA AUTORIZAR O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO MEDIANTE O USO DE AULA VIRTUAL**

A publicación da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo (BOE núm. 78 do 1 de abril), pola que se desenvolve o RD 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, define no seu artigo 17.2 a aula virtual como “a contorna de aprendizaxe, onde o titor-formador e o alumnado interactúan, de forma concorrente e en tempo real, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono”.

Ese mesmo artigo limita o seu uso ao dispor que a aula virtual “poderá empregarse como medio complementario e adicional para desenvolver o proceso formativo, sen que a impartición da totalidade dunha especialidade formativa do Catálogo de Especialidades Formativas poda realizarse a través de aula virtual”.

Así mesmo dispón que “non poderá utilizarse un aula virtual para realizar as sesións que, na modalidade de teleformación precisen presenza física do alumnado”.

A Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo (BOE núm. 78 do 1 de abril), pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas, dedica a súa disposición adicional cuarta á aula virtual, reiterando nela a definición, requisitos e límites xa expresados na orde TMS/368/2019.

A situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo Covid-19, o seu impacto e incidencia, forzou a apobar unha serie de medidas normativas dirixidas a protexer a saúde e seguridade dos cidadáns. A necesidade de aplicar medidas de hixiene e prevención, de distancia interpersonal e de protección colectiva e individual formulou a obriga de aprobar medidas excepcionais no eido da formación profesional para o emprego, entre as que se inclúen o fomento de novos métodos formativos, especialmente aqueles baseados no uso de medios electrónicos.

Nesa liña aprobáronse, tanto a nivel estatal como autonómico, disposicións dirixidas a regular e flexibilizar as condicións de execución das accións formativas de formación profesional para o emprego a impartir nun escenario de incertidume e risco. Unha destas medidas consistía no uso da aula virtual como alternativa de continuidade para a impartición en modalidade presencial das



accións formativas afectadas, máis aló incluso da súa consideración como medio complementario da modalidade de impartición presencial.

O evidente progreso do uso dos medios tecnolóxicos puxo de manifesto que a utilización destes mecanismos supón un significativo avance para facilitar o acceso das persoas traballadoras á formación así como unha redución de custos.

Se ben as citadas vantaxes son manifestas, non se pode obviar o feito de que determinadas especialidades, polo seu contido práctico, por seren propias de oficios ou pola necesidade de manexar equipamento e/ou material sensible ou perigoso, deben ser impartidas coa presenza física do alumnado e co seguimento e control directo do profesorado. A estes efectos o desenvolvemento das accións formativas mediante aula virtual non debe ser de aplicación naqueles contidos presenciais que requiran a utilización de espazos, instalacións e/ou equipamentos para a adquisición de habilidades e destrezas prácticas ou exixan o acompañamento físico das persoas formadoras.

Con fin de aclarar e difundir os principios a aplicar nas resolucións de uso de aula virtual nas accións formativas a impartir na modalidade presencial, ou na parte presencial da modalidade mixta ou da de teleformación, así como os criterios a ter en conta para a súa autorización, dítase a seguinte

## INSTRUCCIÓN

- As entidades de formación poderán, dentro dos límites establecidos nesta instrución, impartir formación mediante aula virtual, que terá en todo caso a consideración de formación presencial.
- A Consellería de Emprego e Igualdade porá a disposición das entidades formadoras un campus virtual para o desenvolvemento daquela formación presencial que se desenvolva mediante o uso de aula virtual. A utilización do campus virtual será obrigatoria cando así se determine nas correspondentes bases reguladoras e/ou convocatorias que rexerán as accións formativas.
- Naquelas especialidades formativas que se podan impartir tanto na modalidade presencial como na de teleformación, unicamente poderá utilizarse a aula virtual para realizar aquelas sesións que, na modalidade de teleformación, non precisen presenza física do alumnado.

Non poderá impartirse mediante aula virtual a totalidade dunha especialidade formativa do Catálogo de Especialidades Formativas.



- Nas especialidades formativas que soamente admitan a presencial como modalidade de impartición, permitirase o uso da aula virtual para aqueles contidos nos que resulte acreditado que non requiren o uso de espazos, instalacións e/ou equipamentos para a adquisición de habilidades ou destrezas prácticas, e cun límite máximo de horas de formación mediante aula virtual que non poderá superar o 50% do total de horas do programa formativo.

Para estes efectos as entidades solicitantes deberán achegar unha memoria explicativa detallada e asinada, que poderán acompañar de toda aquela documentación e información que estimen pertinente, que acredite a viabilidade de impartir mediante aula virtual aqueles contidos do programa formativo que estea previsto realizar utilizando este medio.

- Salvo que o programa formativo o admita expresamente, os exames finais e as probas de aptitude de carácter oficial non poderán realizarse mediante aula virtual.
- No caso de que a acción formativa estea iniciada no momento de realizar a solicitude para impartir determinados contidos da acción formativa mediante aula virtual, ou xa se realizase a selección do alumnado que vai participar nela, as entidades deberán achegar xunto coa solicitude a documentación acreditativa de que a totalidade do alumnado foi debidamente informado das consecuencias de participar na formación mediante aula virtual, incluída, de ser o caso, a perda do dereito para beneficiarse de determinadas bolsas e axudas, e que mostran o seu acordo expreso ao cambio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Formación e Colocación

Zeltia Lado Lago

